



## **CIRCULAR 100-2022**

### **VIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS DE PROBAS COMBINADAS EN PISTA CUBERTA E CRITERIUM DE COMBINADAS.**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organiza o **VIII Campionato Xunta de Galicia de Clubs de probas combinadas PC**, na pista de EXPOURENSE os días 17 e 18 de decembro

**Art.2).**- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das categorías Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, Senior e Master, que se atopen en calquera das seguintes condicións

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2022) por algún club pertencente a Comunidade Autónoma Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a Clubs de outras doutras Comunidades Autónomas.

As categorías serán as propias do 2023, segundo o artigo 1 das normas técnicas 2022.

SUB 16 NADOS 2008-2009  
SUB 18 NADOS 2006-2007  
SUB 20 NADOS 2004-2005  
SUB 23 NADOS 2003-2002-2001  
SENIOR NADOS 2000 ata MASTER  
MASTER 35 anos ou maiores.

**Art.3).**- No Campionato de Galicia de Clubs de probas combinadas poderán participar todos aqueles equipos masculinos ou femininos que inscriban un mínimo de 3 atletas en cada sexo. A puntuación farase sumando os 3 mellores atletas de cada club, independentemente da súa categoría dende Sub16 ata Máster. Os clubs que non terminen con 3 atletas puntuarán igual na clasificación final coa suma de puntos, aparecendo xusto detrás do peor equipo que completase con tres atletas todas as probas.

**Art.4).**- Admitiranse 10 equipos de homes e 10 equipos de mulleres, participando aqueles que na inscrición teñan máis puntuación nas probas que compoñen o seu programa de combinadas. Reservaranse 8 prazas ( CRITERIUM) para aqueles atletas que sen completar equipo, teñan unha marca destacable ou a suma dos puntos das probas individuais que compoñan a súa combinada, sexa máis alta.

**Art.5).**- Os atletas master participarán cos seus pesos e distancias en valos correspondentes (mínimo 0,76), facendo o programa completo de senior. Se algún master prefire competir nas combinadas propias da súa idade, o deberá comunicar a dirección técnica antes do 14 de decembro do 2022.



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.6).**- So poderán participar un total de 38 homes e 38 mulleres, de non completarse as prazas para atletas individuais, nin os 10 equipos, poderase completar as prazas con un 4º participante por equipo, sempre que non inflúa no normal desenvolvemento da proba.

**Art.7).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do xoves 8 de decembro do 2022. Debendo indicar a orde de preferencia para participar dos atletas.

**Art.8).**- Haberá trofeos para os tres primeiros clubs masculinos e femininos clasificados.

**Art.9).**- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

**Art.10).**- Horario provisional.

### **Mulleres**

Sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30

### **Homes**

Sábado de 10:00 a 14:00 – 16:30 a 20:30 e domingo de 10:00 a 14:00.

\*Os grupos de concursos marcaranse unha vez rematada a inscrición xunto co horario definitivo.

**Art.11).**- Cadencias:

Altura Comb. Mulleres: ata 1,20 de 9/9 ata 1,44 de 6/6 e logo de 3/3

Altura Comb. Homes: ata 1,25 de 9/9 ata 1,54 de 6/6 e logo de 3/3

Pértiga Comb Homes: ata 2,40 de 30/30 , ata 3,40 de 20/20 e logo de 10/10

**Art.12).**- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

**Art.13).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.



**CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.14).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 14 de novembro de 2022

Carlos Castro Vicente  
**Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo**